

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AOS GASTOS DERIVADOS DA APORTACIÓN DA CONCELLERÍA DE CULTURA Á XUNTA DE PERSOAL, CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTIVIDADE DE SANTA RITA 2023.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 16-2023, por un importe total de 1.500,00 €, para dar cobertura ás obrigas derivadas da aportación da Concellería de Cultura á Xunta de Persoal, con motivo da celebración da festividade de Santa Rita 2023 e tendo en conta a inexistencia de crédito adecuado e suficiente en determinadas aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral 2023 para dar cobertura total do mencionado gasto.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/751 de data 16/05/2023, así como RCMOD: 2023/32150 de data 16.05.2023, por importe de 1.500,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 1.500,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
33000.12003	1.500,00 €	33000.22699	1.500,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.500,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	1.500,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac433804523949841145.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 16-2023 SANTA RITA-CULTURA

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.